

Programación de actividades complementarias e extraescolares



IES As Telleiras
Curso 2022 — 2023

INTRODUCCIÓN

As actividades complementarias e extraescolares que o IES As Telleiras pretende ofrecer ao seu alumnado é un complemento educativo en campos tales como habilidades sociais, lecer saudable, educación en valores, coñecemento da contorna e da historia da realidade próxima, etc., nun marco aberto ao resto da comunidade, de tal maneira que favorezan o desenvolvemento de vínculos sociais e educativos.

A personalidade non só comporta a formación puramente académica, senón as facetas corporal, afectiva, social e ética-moral. O papel do educador non estriba meramente en formar mozos/as do punto de vista intelectual, mais en educalos integramente, fomentando os valores e principios encamiñados a potenciar determinadas actitudes para conseguir cidadáns plenos que participen activamente na sociedade, para conseguir así mellorar a calidade de vida de todos.

OBXECTIVOS XERAIS DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Estas actividades constitúen un factor enriquecedor na educación do noso alumnado pois amplían a súa formación en diferentes facetas da súa personalidade e favorecen a convivencia tanto entre os propios alumnos e alumnas como entre o profesorado e con outras persoas ou entidades de interese cultural. Corresponde á Vicedirección (Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares) promover, coordinar e organizar un Plan Xeral de Actividades extraescolares e complementarias.

Para confeccionar o devandito Plan Xeral de actividades, ao comezo do curso, os diversos Departamentos entregaron, xunto coas programacións didácticas xerais, unha programación específica sobre as Actividades Complementarias e Extraescolares previstas para o curso.

OS OBXECTIVOS fundamentais a conseguir son os seguintes:

2.1 -Dinamizar a vida do centro e crear un clima escolar motivador e saudable.

2.2 -Favorecer a formación integral do alumnado ampliando o seu horizonte cultural, e interesalo no seu propio proceso educativo. A saber:

2.2.1 -Preparalo para a inserción na sociedade.

2.2.2 -Desenvolver o seu espírito crítico.

2.2.3-Lograr a súa implicación no ámbito da cultura.

2.3 -Fomentar un clima de cordialidade entre todos os membros da Comunidade Escolar.

2.4 -Promover na Comunidade Educativa o sentido da responsabilidade e a colaboración; e favorecer unha maior participación e interacción de todos os sectores da comunidade escolar e da contorna

2.5 -Potenciar no centro os grupos estables de participación en actividades e promover outros novos.

2.6-Facilitar o acceso á práctica de actividades deportivas ou culturais que, a priori, sexan inalcanzables para o alumnado por cuestións sociais ou económicas.

3. COMPETENCIAS CLAVE

Desde o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares contribúese, xunto cos diferentes departamentos, á adquisición de competencias básicas achegando unha perspectiva máis lúdica e motivadora.

Os diferentes tipos de actividades complementarias e extraescolares contribúen á adquisición das competencias:

3.1 Competencia en comunicación lingüística (CCL): Favorecendo o diálogo, o intercambio de puntos de vista, a realización de traballos e exposición dos mesmos, contemplando que comunicarse está presente na capacidade efectiva de convivir.

En calquera tipo de actividade o alumnado terá que utilizar a linguaxe como ferramenta de comprensión, terá que escoitar, expoñer e dialogar, e estas son accións que reforzan as habilidades comunicativas dos alumnos e alumnas.

De forma moi especial os proxectos relacionados coa Biblioteca, o Plan de Dinamización Lingüística, de Animación á Lectura, etc.

3.2 Competencia plurilingüe (CP): Esta competencia define a habilidade de utilizar diferentes linguas de forma adecuada e efectiva para a comunicación. Baséase na habilidade de comprensión, expresión e interpretación en diversos contextos sociais e culturais. Integra, por súa vez, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística da sociedade co obxectivo de fomentar unha convivencia democrática.

As viaxes culturais a países de linguas estranxeiras ou a comunidades do Estado español en que conviven máis dunha lingua favorecerán a aprendizaxe non formal das linguas e unha actitude positiva con respecto ao aprezo da diversidade cultural e fomentará o interese e a curiosidade polas distintas linguas e a comunicación intercultural, así como o respecto ao perfil lingüístico individual de cada persoa.

3.3 Competencia matemática e as competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (CMCCTE): Refórzase na medida na que o alumnado se enfrenta a situacións nas que necesite aplicar estratexias de resolución de problemas e de selección de técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible.

A preparación de diversas actividades tales como viaxes culturais, Olimpíadas de Matemáticas, visitas culturais, etc.

3.4 Competencia dixital (CD): Mediante a preparación e posterior tratamento informático da información recollida en diferentes actividades extraescolares, charlas e talleres sobre o uso responsable das TIC.

E onde utilice os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de forma eficiente, e de que o faga con soltura e naturalidade, aceptando as innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo.

3.5 Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): Implica ser consciente das propias capacidades e coñecementos, ademais de ser capaz de establecer estratexias, e manexar de forma eficiente recursos e técnicas de traballo intelectual.

As actividades relacionadas con manifestacións artísticas favorecen a experimentación creativa e a toma de conciencia das propias capacidades e a aceptación dos erros para seguir mellorando; as deportivas, favorecen a adquisición de habilidades tácticas e estratéxicas, así como dos recursos necesarios para planificar actividades físicas de forma que o alumnado sexa capaz de aprender en por si a regular a súa práctica de deporte no futuro.

3.6 Competencia cidadá (CC): Foméntase a través da participación na xunta de Delegados e Delegados culturais, creación de comisións de alumnado (Solidariedade e Igualdade, Saúde e medioambiente...), a organización de actividades durante os recreos e días específicos; a participación nas actividades propostas polos Departamentos Didácticos, ou por outras entidades.

Calquera tipo de actividade que se realice en grupo contribuirá á adquisición de habilidades sociais por parte do alumnado que lle permitan participar activa e plenamente na realidade social na que vivimos.

3.7 Competencia emprendedora (CE): Foméntase a través da superación, perseveranza e actitude positiva ante os retos; así como tamén á constante adaptación a novas contornas e ferramentas mediante o estímulo da iniciativa do alumnado.

3.8 Competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC): -

+3Favorécese a adquisición desta competencia tanto a través das viaxes e saídas culturais (visitas a centros históricos, museos, exposicións, teatros, cinema) como por medio das actividades programadas tales como concursos e obradoiros en relación a diferentes disciplinas artísticas: textos, de fotografía, cinema, lectura, debuxo, actividades plásticas, etc.

Estas actividades promoven no alumnado unha actitude aberta cara ás distintas manifestacións artísticas, o desexo de cultivar a propia capacidade creadora e o interese por participar na vida cultural.

4. POSIBLES MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DEBIDO Á CRISE SANITARIA (COVID-19)

As excursións, visitas e traballos de campo no exterior do centro educativo forman parte da dinámica do curso escolar e contribúen a cubrir obxectivos didácticos aula, a xerar cohesión grupal, benestar emocional e a establecer vínculos entre iguais e persoas alleas á comunidade educativa.

As actividades complementarias e extraescolares, deben cumprir cos principios básicos recollidos no “Protocolo

de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2021-2022” (versión do 20/05/2022), así como os establecidos nas instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade.

Neste sentido, primaranse os desprazamentos activos no contorno cercano, o que supón ademais, unha actividade saudable. Se se fai uso do transporte público seguiranse as normas específicas determinadas para este tipo de transporte.

No caso de visitas a museos, cines, teatros, etc, seguiranse as medidas preventivas establecidas polo lugar que se visite.

Nas actividades complementarias que se desenvolvan no centro educativo poderán acudir persoas externas ao mesmo, sempre que manteñan as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde establecidas.

Para a celebración de actos de graduación, de fin de curso ou outro tipo de eventos sociais ou culturais que poidan ter lugar no centro educativo e no contexto da súa actividade, atenderanse as medidas de prevención fronte a Covid-19 existentes para eventos culturais na comunidade autónoma.

No caso de saídas con pernocta esta poderá organizarse en grupos de convivencia estable (GCE) e, naqueles cursos non organizados por GCE estableceranse subgrupos fixos para a pernocta.

Permítese mesturar grupos ou aulas en actividades extraescolares tanto ao aire libre como en interiores, garantindo o resto de medidas de prevención e priorizando, cando sexa posible, as actividades ao aire libre.

Cando se organicen almozos ou merendas farase preferentemente ao aire libre. De realizarse en interior, seguiranse as pautas previstas para comedores escolares.

Contéplase en todos os supostos a limpeza, desinfección e ventilación do lugar no que se desenvolve a actividade cando se celebrou no centro educativo.

Baixo estas premisas, debemos atender sempre á evolución dos datos da pandemia, así como as instrucións e recomendacións da autoridade competente. Así mesmo, á hora de decidir realizar actividades deportivas, lúdicas ou colaborativas, de celebracións, etc., debemos guiarnos polos principios de cautela e prevención.

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A seguir inclúese unha relación de actividades que se propoñen tanto desde o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares como desde os diferentes departamentos didácticos.

En ambos os casos, priorizarase a dinamización e a posta en marcha de actividades que poidan levarse a cabo coas medidas de prevención e hixiene sinaladas para o contexto sanitario actual.

5.1 ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLO DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

5.1.1. XORNADAS DE ACOLLIDA PARA O ALUMNADO DE 1ºESO

O día da presentación os titores e as titoras, xunto co equipo directivo, recibirán a primeira hora o alumnado dos distintos grupos e niveis e serán quen se encarguen de informar das normas de organización e funcionamento do centro, de ubicar o alumnado na aula, facilitarlles o horario e confirmar a escolla de optativas e os subgrupos que delas se deriven.

Con todo, **o alumnado de 1º ESO** gozará durante toda a mañá do día 8 de setembro dunhas **XORNADAS DE ACOLLIDA** con distintas propostas (coñece a túa biblioteca, patio dinámico, club de ciencias, e ti a que xogas?...) encamiñadas a dar a coñecer as instalacións e as distintas actividades que oferta o centro, desde unha perspectiva lúdica e atractiva para favorecer a súa integración no noso centro educativo.

5.1.2. CONMEMORACIÓNS

DATA	ACTIVIDADE
15 de setembro	DÍA INTERNACIONAL DA DEMOCRACIA
24-28 de outubro	UN SAMAÍN QUE METE MEDO
11 de novembro	MAGOSTO EN TELLEIRAS
25 de novembro	DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
10 de decembro	DÍA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS
22 de decembro	FESTIVAL DE NADAL
17 de febreiro	ENTROIDO
23 de febreiro	DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO
8 de marzo	DÍA INTERNACIONAL DA MULLER
6-10 de marzo	SEMANA DA PRENSA
31 de marzo	FESTA DA PRIMAVERA
1 de abril	DÍA DAS ARTES GALEGAS
7 de abril	DÍA MUNDIAL DA SAÚDE
17-21 de abril	SEMANA DO LIBRO
2 de maio	DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR
15-19 de maio	SEMANA DAS LETRAS GALEGAS
17 de maio	DÍA INTERNACIONAL CONTRA A HOMOFOBIA, A TRANSFOBIA E A BIFOBIA
5 de xuño	DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

5.1.3. VIAXES E SAÍDAS CULTURAIAS

Consideramos que o curso 2022-2023 marca un punto de inflexión no que á situación sanitaria se refire, na medida en que as autoridades competentes consideran xa superada a fase aguda da pandemia. É, por tanto, o momento de recuperarmos as viaxes e saídas culturais con pernocta que a COVID-19 paralizou.

Prevese realizar dúas viaxes culturais de fin de curso: a primeira, de carácter internacional e destinada ao alumnado de 1º de Bacharelato. E a segunda, de ámbito nacional ou peninsular e dirixida ao alumnado que remata a Educación Secundaria Obrigatoria no noso centro. As datas que se contemplan son as semanas posteriores ao período de exames da 2ª avaliación (marzo, no caso de Bacharelato) e da 3ª avaliación (xuño, no caso de 4ºESO). O criterio adoptado para a súa selección é fundamentalmente pedagóxico: consideramos que é o momento idóneo, na medida en que así non interrompe a actividade académica das distintas materias, mais ao contrario permite complementala con experiencias de formación e intercambio fóra do centro.

Tamén se contempla a posibilidade de realizar algunha saída de día completo ou con pernocta breve para o alumnado do resto dos cursos, especialmente na ESO: parques multiaventura, visitas a museos, roteiros literarios, rutas de kayak etc.

5.1.4. ACTOS DE GRADUACIÓN

No curso 2021-2022, ademais da graduación de 2º de Bacharelato, para o alumnado que marcha do centro e inicia a súa formación universitaria ou profesional, decidimos tamén celebrar un acto de despedida para o estudiantado de 4º da ESO, pois son moitos os alumnos e as alumnas que finalizan a esta altura a súa etapa formativa no IES as Telleiras. Así, no presente curso, gustaríanos institucionalizar esta última celebración como máis un acto de graduación.

De acordo co calendario do curso 2022-2023 e de maneira provisional, fixamos as seguintes datas orientativas para os actos de graduación:

- ✓ 9 de xuño: 2º de BACH
- ✓ 16 de xuño: 4º da ESO

5.1.5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE DINAMIZACIÓN E DE PARTICIPACIÓN: PATIOS DINÁMICOS

Ao longo do curso realizaranse distintas actividades para dinamizar os tempos do lecer e a participación do alumnado. Neste sentido, aproveitaranse as distintas instalacións e espazos de que dispón o centro para que a oferta de actividades sexa ampla e diversa.

Desde a biblioteca ofértase a participación en varios clubs de lectura, e existe tamén un club de ciencias. Así mesmo, valoramos a posibilidade de que o propio alumnado a través da participación activa poida facer propostas de intervención sobre distintas cuestións: coeducación, diversidade, sustentabilidade, educación ambiental etc. Esperamos que a participación no programa de innovación educativa Polos Creativos nos ofrezca tamén a posibilidade de iniciar outros proxectos, como un programa de radio podcast ou un taller de costura.

O obxectivo é conseguir que os recreos sexan dinámicos. Neste sentido, o curso 2022-2023 recupera tamén a zona de xogos situada no vestíbulo do edificio principal dotada con múltiples xogos de mesa para que o alumnado da ESO poida gozar no seu tempo de lecer. Na mesma liña, instaláronse dúas mesas de ping-pong no edificio de bacharelato e dúas no vestíbulo do edificio da ESO. E, por último, está previsto que tanto o patio e a pista polideportiva sexan espazos dinámicos. Así, para alén da práctica de deportes como o baloncesto e o fútbol, tamén se destinarán estas zonas á práctica doutros como o volley ou o brilé, xogos tradicionais etc

5.1.6. PLAN DE ACTIVIDADES SOLICITADAS AO CONCELLO DE NARÓN E OUTRAS INSTITUCIÓNS

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a Maio	<p>-Obradoiros e Teatro ofertados polo Concello de Narón e Padroado de Cultura de Narón:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Obradoiros de convivencia escolar e prevención do acoso escolar (1º ESO) -Obradoiros de nutrición saudable (1ºESO) -Obradoiros de consumo enerxético responsable (1ºESO) -Obradoiros de educación afectivo sexual (2º ESO) - Obradoiros de prevención de ludopatías en menores. (2º ESO) - Plenos Escolares (2º ESO) - Obradoiros de prevención de ludopatías en menores. (3º ESO) - Obradoiros de prevención de condutas aditivas (conveniados con Asfedro) (3º ESO) -Obradoiro de sensibilización sobre micromachismos (4º ESO) -Asesorías de sexualidade

	<p>-Teatro no Pazo da Cultura de Narón (ESO-BACH)</p> <p>- Plan Director (Delegación do Goberno) para a convivencia e a mellor da seguridade nos centro educativos (ESO -BACH- e Profesorado) (*Pendente de convocatoria)</p> <p>- Charlas Científicas (UDC)</p> <p>-Di K Non. Talleres para a prevención do consumo de drogas (4ºESO-1ºBACH) (Fundación Barrié)</p> <p>- Roteiro ‘Elas, produtoras executivas’ Unha iniciativa para o empoderamento feminino (4ºESO) (AGAPI)</p>
--	---

5.2. ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

5.2.1. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

DATA	ACTIVIDADE
De Xaneiro a Maio	<p>Charlas informativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Universidade da Coruña (UDC) para 2BACH • Universidade de Santiago (USC) para 2BACH • Formación Profesional (4ºESO e 2ºBACH)

5.2.2. ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

DATA	ACTIVIDADE
De Setembro a Maio	<p>Colaboración coas celebracións das festas tradicionais e culturais do ciclo anual e :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Magosto • Nadal • Entroido <p>Celebración de diversas conmemoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Día Internacional da Democracia • Día Mundial da Alimentación • Día Internacional contra a violencia de xénero • Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos • Día Internacional da Educación • Día escolar da non violencia e da paz • Día Internacional da muller • Día Mundial dos Dereitos do Consumidor • Semana da prensa • Día das Artes Galegas • Semana do libro • Día Internacional contra o acoso escolar • Día de Europa • Día Mundial do Medio Ambiente

	<p>Efemérides da nosa cultura sociolingüística:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Día de Rosalía de Castro • Día das letras Galegas <p>Certames e actividades a desenvolver no centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Macroconcurso • Obra plurilingüe ilustrada • En garda, sentinela! • Noticario • Actividades de fomento da lectura e da tradición oral <p>Colaboración con outros centros e/ou entidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recitado “Carvalho Calero” • Ciclo de cinema “En galego, de película” • Certame literario 'Carmela Loureiro' do Concello de Ferrol. • Certame Intercentros do concello de Narón • Certame de Poesía e Imaxe: “En galego sen filtro” • XXIX Festival “A mocidade coa lingua” • “Teatro con G”
--	--

5.2.3. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a maio	<ul style="list-style-type: none"> • Participación no Canguro matemático 2023 (Marzo) • Participación no proxecto SuperTmatik (Maio) • Participación no Club de Ciencia

5.2.4. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a Maio	<p>- Participación nas actividades propostas desde o Equipo de Educación Vial do Concello de Narón relacionadas coa mobilidade escolar sostible e segura e a educación viaria.</p> <p>-Visita á exposición “AI: More than Human” da Afundación, da Obra Social de ABANCA e Visita ao MUNCYT da Coruña. (Outubro-Novembro) (1º e 2ºBACH)</p> <p>-Visita ao CIT da USC (1º e 2ºBACH)</p> <p>-Participación en actividades extraescolares relacionadas co Club de ciencias. Participación na First Lego League (ESO)</p> <p>-Participación en actividades extraescolares relacionadas co Clube de lectura de Tecnoloxía. (1º e 2ºESO)</p> <p>-Participación en INGACIENCIA. Día da Ciencia en Galego. (Novembro / ESO)</p> <p>-Participación en actividades extraescolares relacionadas cos Polos Creativos.</p> <p>-Marcha Ciclista do Concello de Narón. (Prevista para o 12 de maio / 1ºESO)</p>

5.2.5. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE GREGO

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a Maio	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece a túa biblioteca (1º trimestre) - Visita a unha biblioteca relevante da contorna (3º trimestre) - Plenos escolares para o alumnado de oratoria de 2ºESO (todo o curso) - Club de lectura

5.2.6. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE LATÍN

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a Maio	<ul style="list-style-type: none"> - Excursión cos alumnos de Latín 4º ESO, Latín 1º Bach e Cultura Clásica de 3º ESO ao museo de Caldoval (Mugardos) e outros xacementos romanos da contorna. - Plenos escolares para o alumnado de oratoria de 2ºESO (todo o curso) - Club de lectura

5.2.7. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE EPV

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a Maio	<ul style="list-style-type: none"> -Colaboración coa biblioteca na montaxe de exposicións, traballos de cartelaría etc. -Produción de carteis, fondos de atrezzo -Organización e contratación de obradoiros relacionados coas artes plásticas e visuais no centro. -Participación en concursos de carácter artístico e de contidos transversais, organizados por institucións públicas. -Posíbeis saídas para visitar unha exposición artística nalgún museo de arte contemporánea da nosa comunidade ou asistir a algún obradoiro específico referente a Artes. -Excursión cultural a Madrid: Museo do Prado, Reina Sofía, Museo Arqueolóxico para o alumnado de 4EPV e Bacharelato artístico (2º trimestre) -Visita CIS Ferrol para 1º e 3º da ESO (2º trimestre) -Visita CIEC (Centro Internacional de Estampa de Betanzos) para 3º e 4º da ESO e Bacharelato artístico. -Charla sobre Animación 3D “O bosque animado” (3º trimestre)

5.2.8. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

DATA	ACTIVIDADE
De novembro a Maio	<ul style="list-style-type: none"> ● Simulador empresarial:Os alumnos interesados participarán no concurso “Young Business Talents” de simulación empresarial:www.youngbusinessstalents.com. ● Visitas a empresas:Das existentes na contorna, co obxectivo de completar a súa formación específica, observando como se xestiona a empresa. Intentaremos visitar a central de Pull&Bear en Narón (a falta de confirmación). Prensa Escola:Coa Voz de Galicia, para utilizar a prensa no traballo na aula. ● Programa cívico tributario da Axencia Tributaria:Consta dunhas xornadas nas que virán ao centro a facernos unha explicación sobre os impostos e a súa importancia ● Simulador de bolsa:O departamento organizará o xogo de bolsa usando un simulador bursátil (www.labolsavirtual.com,www.rankia.com/juego-bolsa) ou conta demo (www.ibroker.es,www.plus500.es) para que os alumnos aprendan a investir nos mercados de valores usando a metodoloxía aprender facendo, “learn by doing”. ● Visitas a eventos ou exposicións:sobre economía, finanzas, emprendemento ou inversión, de interese para o alumnado. ● Participación en diversos concursos de índole económica e relacionados coa educación financeira. ● Posible visita o espazo museístico da cultura da cerveza de Estrella Galicia (MEGA Mundo Estrella Galicia S.L.U.),inaugurado recentemente na Coruña.

5.2.9. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a Maio	<ul style="list-style-type: none"> ● Ademais da intención de que asistan ao centro os autores / autoras das obras seleccionados como lecturas obrigatorias, contamos coa posibilidade de que diversas editoriais nos ofrezan a visita dalgún autor/a que veña a presentar a súa última publicación con nós. ● Asistencia a conferencias, charlas, mesas redondas, representacións teatrais... que teñan lugar no Centro ou fóra del e que o Departamento considere de interese para a formación do alumnado na lingua, literatura ou cultura galegas. ● Concurso de <i>fan-fiction</i> para escolares (ligado ao libro <i>Curros & Holmes no misterio d’o kapital</i>). ● Roteiro teatralizado en Santiago a cargo do actor Serafín Marcos (ligado ao libro <i>O enigma de Santiago</i>) . ● Visita á casa museo de Rosalía de Castro (2º /3º trimestre).

5.2.10. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a Maio	<ul style="list-style-type: none"> • Visita á casa museo Camilo José Cela para 4ºESO (2º /3º trimestre). • Encontro con autores ou as autoras dalgún dos libros de lectura obrigatoria (2º /3º trimestre). • Asistencia a representacións teatrais, recitais poéticos, contacontos, ofertadas ao centro sempre que sexan de interese e o prezo sexa tamén axeitado.

5.2.11. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

DATA	ACTIVIDADE
Entre abril e maio	<ul style="list-style-type: none"> • Visita ao parque eólico experimental Sotavento (3º ESO)

5.2.12. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

DATA	ACTIVIDADE
(Pendente)	<ul style="list-style-type: none"> • Participación do centro nun intercambio escolar con Francia, que podería ser un dos seguintes: <ul style="list-style-type: none"> - Intercambio de alumnado de Centros Educativos de Galicia y de la Région Académique Bretagne - Programa GALIMIENS de intercambio de alumnado: http://www.edu.xunta.gal/portal/node/37430

5.2.13. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

DATA	ACTIVIDADE
De Outubro a Maio	<ul style="list-style-type: none"> • Ligas de recreo (Para todos os cursos) • Taller de iniciación ao tenis de mesa" coa colaboración do Club e do Concello (2ºESO) • Marcha Ciclista do Concello de Narón. (Prevista para o 12 de maio / 1ºESO)

- Solicitouse a participación no Programa Escolar de Leite e Froita Fresca
- Solicitouse a participación nos contratos-programa CPInlúe. O plan de centro "Telleiras diverso" inclúe a realización de charlas e obradoiros sobre a prevención da violencia de xénero e a LGTBfobia e a creación do espazo seguro "LGBTelleiras".

Narón, 04 de outubro do 2022



Asdo.: Estefanía Mosquera Castro

(Xefa do departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias)